



[Gal/Cast] Chamada á mobilización social como única forma de reverter esta situación

LA HAINE-GALIZA :: 05/08/2012

Concentraciones en Galiza de los sindicatos contra los recortes

Galego As centrais sindicais denunciaron, nas diferentes concentracións, as reformas laborais; a diminución das pensións; a práctica desaparición da negociación colectiva; as conxelacións salariais; a entrega de miles de millóns de euros aos bancos; os incrementos de taxas nos servizos públicos (como no ensino e universidade); o incremento da contribución no abono sanitario, para toda a cidadanía e para os pensionistas; a desaparición do aseguramento universal no noso sistema estatal de saúde e a retirada da cobertura de centos de medicamentos, obrigando as cidadáns a súa compra. Medidas que se teñen completado nestas últimas semanas coa diminución aínda maior dos dereitos das persoas traballadoras. Recortes que se producen e xustifican criminalizando unha vez máis aos empregados públicos, aos que ademais se lles rebaixa o salario, e que se acompañan con medidas como o incremento do IVE, un novo recortazo ao FOGASA e os dereitos de quen percibe o desemprego. Por iso, fan unha chamada á mobilización social como única forma de reverter esta situación, para camiñar cara un novo modelo económico e social máis xusto, máis equitativo e máis solidario. **Castellano** Las centrales sindicales denunciaron, en las diversas concentraciones, las reformas laborales; la disminución de las pensiones; la práctica desaparición de la negociación colectiva; las congelaciones salariales; la entrega de miles de millones de euros a los bancos; los incrementos de tasas en los servicios públicos (como en la educación y la universidad); el incremento de la contribución en el abono sanitario, para toda la ciudadanía y para los pensionistas; la desaparición del seguro universal en nuestro sistema estatal de salud y la retirada de la cobertura de cientos de medicamentos, obligando a las ciudadanas a su compra. Medidas que se han completado en estas últimas semanas con la disminución aún mayor de los derechos de las personas trabajadoras. Recortes que se producen y justifican criminalizando una vez más a los empleados públicos, a los que además se les rebaja el salario, y que se acompañan con medidas como el incremento del IVE, un nuevo recortazo al FOGASA y los derechos de quien percibe el desempleo. Por eso, hacen una llamada a la movilización social como única forma de revertir esta situación, para caminar cara un nuevo modelo económico y social más justo, más equitativo y más solidario.

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-chamada-a-mobilizacion-social-c>